



Concello de Guitiriz

ANUNCIO SOBRE MEDIDAS PREVENTIVAS A ADOPTAR PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS DE SELECCIÓN EXPTE 861/2019

Publicar as seguintes medidas preventivas para a fase de oposición:

Conforme se sinalou no anuncio de data 08/06/21 da Alcaldía, antes da realización do exame publícanse na web e sede electrónica do Concello as medidas preventivas a adoptar para a realización das probas do dito proceso.

Data da proba: 30/06/21 ás 11:00 horas no Pavillón Jonathan Carro Paz do Concello de Guitiriz (sito na Rúa do Carme, nº 31).

Medidas preventivas na realización da proba:

1. As persoas aspirantes serán repartidas asegurando a distancia de seguridade entre elas.
2. Co fin de evitar aglomeracións, ás 11:00 horas as persoas aspirantes comezarán a entrar nas aulas sinaladas sen chamamento nin identificación previa. A identificación producirase unha vez rematadas as probas.
3. As persoas aspirantes dirixiranse aos asentos que se lles asignen.
4. Cada persoa aspirante deberá levar posta a súa propia máscara e portar o DNI e os seus propios bolígrafos. Non se poderá compartir material.
5. Unha vez na aula, os móbiles deben permanecer apagados.
6. Finalizadas as probas, as persoas aspirantes permanecerán nos seus sitios e gardarán as súas pertenzas. Serán chamadas polo nome e apelidos, unha a unha, para que se acheguen á mesa do tribunal a entregar as probas, previa identificación co DNI quitando a máscara cando se lles indique e só durante o tempo mínimo imprescindible para ser identificadas.
7. As persoas aspirantes deberán manter a distancia de seguridade na entrada e saída das aulas. Non poderán deterse nin agruparse.
8. As persoas aspirantes deberán utilizar o hixienizante de mans que se proporcionará á entrada ás aulas.

Documento asinado electrónicamente

O secretario do Tribunal
Pablo Portela Fernández
Secretario do Concello de Guitiriz

Concello de Guitiriz

Rúa do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 9WYEPAWX2TTR3FS4R6TLRL9D | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1